

## FAQ Galgo 2.0

### 1. Que é o Galgo?

- △ O Galgo é unha ferramenta para a análise e a corrección dos erros de carácter ortográfico e léxico que poidan aparecer en textos escritos en galego. A actual versión do Galgo está adaptada á norma aprobada no ano 2003 pola Real Academia Galega e o Instituto de Lingua Galega.

### 2. Non teño permisos para instalar

- △ Para poder realizar a instalación do Galgo é necesario ter permisos de administrador sobre o PC. No caso de que non conte con eses permisos, deberá pórse en contacto co administrador do sistema para que este introduza os datos de validación que se requirirán durante o proceso de instalación (para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo).

### 3. Non vexo a barra do Galgo tras finalizar o proceso de instalación

- △ Se está vostede instalando unha das versións para plataforma windows (XP, Vista ou Windows 7), deberá executar o programa "Selector" para completar a instalación da barra do Galgo. Para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo.

### 4. En que versións de Office e Windows funciona o Galgo?

- △ A actual versión do Galgo funciona para as seguintes versións de windows:
  1. Window XP, Windows Vista e Windows 7 (32 e 64 bits).
- △ A actual versión do Galgo funciona para as seguintes versións da suite ofimática Office:
  1. MS Office 2003, MS Office 2007 e MS Office 2010 (32 e 64 bits).

### 5. En que versións de Office e do sistema operativo Mac funciona o Galgo?

- △ A actual versión do Galgo para a plataforma Mac funciona para os seguintes sistemas operativos:
  1. Mac OS Snow Leopard e Mac OS Lion.
- △ A actual versión do Galgo para plataforma Mac funciona para a versión 2011 da suite ofimática Office.

### 6. Onde se instala a barra do Galgo para o Office 2010?

- △ Unha vez instalado o Galgo para MS Office 2010, podemos acceder a este premendo no separador "Suplementos", presente na barra superior.

### 7. Ao abrir o Galgo no MS Office 2010, mostra un aviso de seguranza

- △ Cando abrimos o Office 2010, unha vez instalado o Galgo pode aparecer un aviso de seguranza indicando que se "Desactivaron as macros" e, a continuación, un botón para "Activar contido". Deberemos premer sobre ese botón para que o Galgo poida funcionar correctamente (para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo).

### 8. Que é o selector?

- △ E unha aplicación que se instala xunto co corrector que crea unha barra de ferramentas nas diferentes versións do Word para acceder ao Galgo e a Axuda. Para executar este programa debe ter todas as aplicacións de Office pechadas.

9. Onde atopo o selector?

- ^ O selector instálase conxuntamente co Galgo. Ten que acceder ao menú "Inicio, Programas, Imaxin Galgo, Selector".

10. Que son os niveis de suxestións?

- ^ Os niveis de suxestión indican o grao de exhaustividade á hora de aplicar a corrección.

11. Cales son os tipos de suxestións?

- ^ O Galgo presenta 3 niveis de suxestións:
  1. Sen suxestións: neste nivel, o Galgo vaise comportar como un simple detector de erros no texto e non xerará ningún tipo de suxestión.
  2. Suxestións simples: este nivel de suxestións vai corruxir erros de tipo ortográfico que existen no texto, desde erros tipográficos por inserción, eliminación ou substitución de caracteres etc., até erros de carácter ortográfico.
  3. Suxestións complexas (+): neste nivel de corrección, substituiremos palabras ou verbos incorrectos de aparencia galega polas formas equivalentes axeitadas.

12. Que son os dicionarios externos e para que serven?

- ^ Os dicionarios externos son dicionarios terminolóxicos ou de linguaxe especializada que se lle poden engadir ao Galgo para facilitar a corrección de textos especializados (para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo).

13. Que son os dicionarios do usuario?

- ^ O dicionario do usuario é un dicionario personalizado no cal incluímos as palabras que consideramos necesarias para a mellor corrección do texto. Podemos agregar palabras por medio do botón "Engadir" na ventá principal do Galgo (para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo).

14. Como engadir unha palabra ao dicionario do usuario?

- ^ Cando queremos que unha palabra que aparece no texto forme parte do noso léxico habitual, activamos o botón "Engadir" e incluímosa no "Dicionario do usuario".

15. Cales son as posibilidades de corrección?

- ^ Existen 3 modos de corrección dun documento: desde o comezo do documento, desde a posición do cursor ou sobre unha selección de palabras que fagamos.

16. Erros que non detecta o Galgo

- ^ O corrector Galgo, ao ser un corrector ortográfico, non analiza contextos e, polo tanto, non distinguirá os usos incorrectos dalgunhas palabras (para máis información, pode consultar o *Manual de axuda* do Galgo).

17. Cambio de xénero nas solucións

- ^ Como o corrector Galgo non realiza unha análise gramatical do texto, pode suceder que na corrección dunha palabra non indique o cambio de xénero correspondente. Por exemplo: "ten dous iconos" devolverá "\*ten dous iconas".

18. Desinstalar Galgo na plataforma Mac

- ^ Para levar a cabo a desinstalación do Galgo sobre plataforma Mac basta con executar o programa "DesinstalarGalgo.app" que foi copiado ao cartafol "Biblioteca/imaxin Galgo" (ou "Library/imaxin Galgo") durante o proceso de instalación.